PEDRAS DA MEMORIA

Ramón López Pérez
Miguel Freire Sitjas

PEDRAS DA MEMORIA

Ramón López Pérez e Miguel Freire Sitjas

ASOCIACIÓN PARA A
RECUPERACIÓN DA
MEMORIA HISTÓRICA
RIBADEO



Pedras da memoria

Ramón López Pérez
Miguel Freire Sitjas

Maquetación e impresión:
Iriarte Artes Gráficas

Depósito legal:
LU 176-2024

PEDRAS DA MEMORIA

Ramón López Pérez
Miguel Freire Sitjas

A dignidade, a memoria e a democracia non saben de bandos e honrar aos que morreron inxustamente na guerra civil é unha cuestión que nos incumbe a todos.

A Guerra Civil Española é unha das etapas máis escuras da nosa historia, na que miles de españois foron asasinados e enterrados en cunetas e lugares aínda hoxe descoñecidos.

Os familiares de todas esas vítimas teñen o dereito a que honremos a súa memoria persoal e tamén teñen o dereito para buscar e enterrar con dignidade aos seus seres queridos.

Doutra banda, as administracións públicas, incluída a administración local, teñen a obrigación de apoiarlles nese loable labor.

Este libro, promovido pola Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica, escrito por Miguel Freire e Ramón López, coa colaboración do noso cronista oficial Eduardo Gutiérrez, quere contribuír a ese labor de recoñecemento dentro do noso municipio.

Desde a promulgación da Constitución de 1978, España constitúese nun Estado social e democrático de Dereito, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.

Desde eses valores superiores que establece a nosa Constitución e que deron comezo, hai máis de 45

anos, a unha das etapas máis brillantes da nosa historia, o Concello de Ribadeo patrocinará todas as iniciativas que recoñezan e lembren aos que morreron inxustamente no noso municipio.

Este libro é un bo exemplo para que esa memoria nunca estea onde habita o esquecemento.

Daniel Vega Pérez
Alcalde de Ribadeo

O obxectivo desta homenaxe é romper un dramático e prolongado silencio ao redor dos crimes cometidos durante o franquismo, recuperando a memoria dos homes e mulleres asasinados, paseados, fusilados ou mortos, vítimas da represión franquista durante a guerra e a postguerra.

Non se podía chorar aos mortos, non se podía falar deles, o medo invadíao todo. Esta memoria calada fala de 40 vítimas que naceron, vivían ou traballaban en Ribadeo. Coa colocación das pedras da memoria, estas vítimas recuperan o seu lugar na mente e no corazón dos ribadenses.

Porque o ocorrido excede e desborda a mente de quen descoñece que todo iso pasou no noso concello é a nosa responsabilidade tratar, na medida do posible, de fazer xustiza con esas vítimas inocentes e que cada persoa que pasee por Ribadeo tropécese coas súas historias e coñeza que levou a estas persoas ao seu triste final.

Seguiremos loitando pola súa memoria. As súas familias así o merecen. Recuperando e dignificando a memoria histórica, ca lembranza destes tristes episodios, para que nunca máis se repitan.

Fernando Suárez Barcia
Alcalde de Ribadeo entre 2007 e 2023

FITOS DA MEMORIA

O Concello de Ribadeo sumouse ao proxecto mundial Stolpersteine, colocando corenta adoquins cos nomes de aqueles veciños que naceron, viviron ou traballaron en Ribadeo e foron asasinados, paseados, fusilados ou mortos vítimas da represion durante a guerra e a posguerra.

O acto de colocación das pedras da memoria celebrado o 31 de Marzo de 2022 foi un momento para socializar a memoria, pois que ainda que temos citado algunha vez a frase de J. P. Richter de que a memoria é o unico paradiso do que non podemos ser expulsados, a represión conseguiu que ficara nas máis fondas simas do recordo: lembremos o verso de Luis Pimentel do poema "Cunetas" de 1937: "Non chores que poden escoitarte."

O proxecto de Pedras da Memoria leva colocados milleiros destes pequenos fitos desde o ano 1997. Ribadeo é o primeiro lugar de Galiza onde se instalan, pero o feito dentro da súa sinxeleza ten un fondo valor simbólico, pois que se trata nada menos de reconstruir un anaco da historia agachada, e que se transmitiu silandeiramente, en arume de lenda por usar palabras de Castelao.

Houbo oportunidade de rememorar os inesquecibles e tráxicos sucesos que deron orixe á represión . As primeiras noticias sobre a sublevación militar comezan a espallarse o díia 18 de xullo de 1936: a opinión

xeral é que se trata dunha intentona militar sen graves consecuencias, confiando no seu control por parte do Goberno da República. Pero a medida que pasan as horas muda a situación e comeza a xurdir unha crecente preocupación.

O semanario "La Comarca" que aparece o domingo dia 19 informa da morte de José Calvo Sotelo moi vencellado á vila porque a nai era ribadense. No medio das dúbidas os rumores, os receos e as noticias contradictorias, os partidos da Fronte Popular mobilízanse e organizan un Comité con representación de todos, xuntándose a diario na sede da Sociedade Obreira. Decrétase a Folga Xeral e faise publico un bando da Comandancia de Carabineiros proclamando o Estado de Guerra e ordeando a requisa de armas. Organízanse quendas de vixilancia armada nas que prticipan Carabineiros e paisanos. Os primeiros póñense a disposición do Alcalde, e a Guardia Civil péchase no seu cuartel. A pesar do nervosismo xeral non se rexistran incidentes. Hai varios contactos co Goberno Civil e séguense con atención as noticias da radio. O xoves 23 de xullo unha columna militar procedente da capital da provincia, ás catro e media da tarde desprégase e con grande aparato militar entra na vila. Rexístranse varias baixas e ás seis da tarde o Comandante da Guardia Civil Alvarez Holguín dalle posesión ao novo alcalde Antonio Moreda. Ese día e ao seguinte comezan as detencións e interrogatorios, que leva con asaño o tenente da Guardia Civil Juan Aranguren. O cárcere reverte. É só o comezo, nos dias

seguintes espállase como unha malafada a delacion, os aldraxes, as xenreiras e o asasinato. Unha vila pacifica, instruida e coa esperanza posta nas reformas promovidas polo goberno da Republica, viuse asolagada por un clima de terror e de medo que durou con diversos degraus, até a morte do Dictador, pero como dixo o clásco, "A victoria está sempre onde está a concordia". E o escritor Antoine de Saint-Exupery dixo que unha guerra civil é unha doenza, a loita de un contra si mesmo.

Ademais dos executados, asasinados ou paseados completemos a paseata polo averno cun repaso aos procesados e condeados: un labrego, un comerciante, un dependente, un albanel, un xornaleiro, dous comerciantes, un xornaleiro, un avogado, un carpinteiro un Mestre, un capitán de Carabineioros, aparte dun propietario, un pintor, un dentista, un médico e un farmaceutico, os tres fuxidos.

Despois deste estarrecente resume, non resultará tan insólita e perversa a proposta dun previsor concelleiro, de nomeamento dixital, do día 3 de setembro de 1936 que propón que se reparen as goteiras do depósito de cadáveres do Cemiterio de Ove, iniciativa tinxida de ecos aciagos que se aproba por unanimidade. Comezaba a xeira dos delirios.

Eduardo Gutiérrez
Cronista Oficial de Ribadeo

CARTA DUN NETO AO SEU AVÓ ASASINADO

Un neno pregunta: "Onde está meu avó?" (A resposta sempre era a mesma). "Morreu de pena".

No Ribadeo dos anos 60, meu pai, conciliador el, sempre contestaba o mesmo: miña avoa, acariciándome e cos efectos da dictadura gravados no seu rostro, dicía esbozando un pequeno sorriso: "Xa cho contarei cando sexas un pouquiño maior".

As respostas chegaron coas inquedanzas da xuventude. A avoa comprensiva coas ansias de saber daquel neto inconformista, confesou: Era un bo home! Era barbeiro (tiña moitos clientes), socialista e moi guapo (guapísimo). Era un pouco revoltoso. Levárono ó pouco de entrar as tropoas: el non fixera nada, denunciárono con mentiras.

O rapaz, coa forza que a mocidade e os aires de liberdade lle infundían, contestoulle: "Avoa, vou empezar a mirar as cousas, quero saber que pasou, como foi todo. Franco xa morreu e as cousas teñen que saír á luz. Ela, co medo aínda metido no corpo aconselloulle: "ti non te vaias meter en líos".

Nos anos 80, chegaron as indemnizacións ás viuvas dos presos políticos, as pensións de clases pasivas, os recoñecementos por privación de liberdade das persoas detidas durante a ditadura franquista. A respos-

ta dela sempre era a mesma "cando o necesitábamos, ninguén nos axudou e agora... ¿para que nos dan eses cartos?

Tardes e tardes revisando papeis, cartas escritas desde a prisión: "sacas o amencer, ruídos de cerrollos, medos, moitos medos... Meu avó non volveu. Miña avoa morreu ós noventa e un anos lembrándome: "Non te esquezas nunca do que pasou".

Ramón López Pérez
Outubro 2024

AS PEDRAS DA MEMORIA

BEBEL GARCÍA GARCÍA

Home, 22 anos.
Nado en 1914.
Natural de Ribadeo.
Veciñanza A Coruña.

Bebel traballaba xunto cos seus irmáns nunha pequena fábrica familiar de lexías en A Coruña polo que eran alcumados como "Os da lexía".

Xogou no Deportivo da Coruña en 2ª división durante 4 tempadas e destacou tamén en ciclismo.

Pertencía ás "Juventudes Socialistas", formou parte das milicias antifascistas, participou na defensa do Goberno Civil e moi activamente na defensa da cidade contra os sublevados, trasladando a milicianos a puntos de defensa e a feridos ao hospital Labaca e facendo chegar alimentos a ese lugar.

Foi detido pola Garda Civil xunto aos seus irmáns France e Jaurés, a madrugada do sábado 25 de xullo de 1936 en Corvite, unha aldea próxima a Guitiriz,



incautandolles armas, dinamita e municións. Bebel foi acusado supostamente de dinamitar unha ponte en Oís. É sentenciado por Consello de Guerra á pena de morte por delito de traición. Foi executado o 29 de xullo de 1936 en A Coruña xunto co seu irmao France.

MARCELINO ÁLVAREZ LÓPEZ "O RAFLES"

Home, 31 anos.
Nado en 1905.
Natural de Ribadeo
Xornaleiro
Veciñanza Ribadeo.

O 7 de agosto de 1936 é detido, xunto con outros 11 homes polas forzas golpistas, acusado de participar na queima do arquivo notarial de Castropol, acontecida o 30 de xullo de 1936.

Supostamente a súa intervención foi a de facer o traslado dos documentos cara a fogueira para proceder á súa queima, e decir, delitos comúns de incendio e roubo aproveitando as circunstancias.

As autoridades rexistraron a morte de Marcelino na parroquia de Riobarba no concello de O Vicedo, fora asasinado na ponte do Barqueiro por pistoleiros falanxistas na noite do venres 4 ao 5 de setembro de 1936, xunto co seu veciño Santiago Fariñas.

DOSITEO ÁLVAREZ SEIVANE

Home, 32 anos.
Nado o 24 de abril de 1904.
Natural de Couxela (Ribadeo)
Veciñanza Ribadeo.
Labrego.

O 24 de Decembro de 1936 Dositeo é detido no peirao de Castropol mentras desempeñaba o seu traballo. Foi acusado de intervir na resistencia organizada ante a entrada das tropas militares sublevadas en Ribadeo, sendo trasladado de inmediato á prisión provincial de Lugo. Dositeo declarou que o día que estalou o Movemento Nacional foi requirido polo Alcalde de Ribadeo para que se trasladase a Castropol. Unha vez alí o Alcalde de Castropol entregoulle unha escopeta dun canón, catro cartuchos e un puñal e encomendoulle tomar nota dos coches que pasaban e rexistrar aos seus ocupantes, tarefa que fixo durante día e medio pola estrada xeral. O 2 de Febreiro de 1937 é condenado a pena de morte por un tribunal militar, sendo executado o día 24 de Febreiro nas tapias do novo edificio do Cuartel da Garda Civil de Lugo e enterrado no cemiterio municipal lucense.

FERNANDO BELLÓN FERNÁNDEZ

Home, 30 anos.
Mariñeiro.
Nado o 7 de outubro do 1905.
Natural de Figueras (Castropol).
Veciñanza Ribadeo.

Xulgado polos militares golpistas acusado falsamente de delito de rebelión, co resultado de sentenza a pena de morte, e cunha multa mancomunada de 100 mil pesetas con outros veciños tamén condenados.

A sentenza do Consello de Guerra foi emitida o 10 de decembro de 1936, despois de permanecer catro meses preso no cárcere ribadense. Foi fusilado, con dous veciños mais de Ribadeo, contra as tapias do novo cuartel da Garda Civil de Lugo, a carón do Cemiterio Municipal, onde foi enterrado.

Por fontes familiares sabemos que a súa detención foi no lugar do seu irmán José, o cal non se atopaba no domicilio familiar de Ribadeo ese día , polo que a Garda Civil levou preso a Fernando.

JOSÉ CANTALAPIEDRA CAPARRÓS

Home, 31 anos.
Nado en 1905.
Natural de Santander.
Enfermeiro no hospital de San Sebastián e San Lázaro de Ribadeo.
Veciñanza Ribadeo.

Acusado de facer manifestacións contrarias ao movemento militar a un soldado ferido que se atopaba ingresado nas instalacións do Hospital Ribadense, onde traballaba como enfermeiro.

Dacordo ao recollido na causa 630/36 o soldado ferido afirmou que o encausado proclamou a súa ideoloxía de esquerdas e instou a que os soldados non apoiansen aos seus mandos, argumento contradecido polo procesado.

Durante as investigacións tamén testificaron dúas monxas traballadoras no Hospital, as cales recalcaron a boa conducta e desempeño do traballo, así como o non uso da violencia de José.

Sentenciado por delito de sedición militar, coa condena de prisión incondicional (xunto cunha fianza de 10 mil pesetas por responsabilidade civil, da cal se declara insolvente) é paseado o 1 de setembro de 1936 durante o seu traslado ao Cárcere Municipal de Vegadeo ao aplicárselle a lei de fugas .

FLORENCIO CARBALLO NOVEGIL

Home, 46 anos.
Mariñeiro.
Nado o 24 de Decembro do 1889.
Natural de Pontevedra.
Veciñanza Ribadeo.

Afiliado ao partido socialista, detiveronno o 3 de agosto de 1936 en Ribadeo, acusado de alzamento en armas contra o exército nacional no sucesos acontecidos na vila de Ribadeo o 23 de xullo de 1936.

Recluido no cárcere municipal de Ribadeo , é sacado da mesma e asesinado por falanxistas locais xunto a catro veciños mais no lugar das voltas de Prado na parroquia dos Remedios (Mondoñedo), durante a noite do venres 11 ao 12 de setembro de 1936. O tenente da Garda Civil, comandante da praza de Ribadeo Juan Aranguren, certificou a súa desaparición como fugado, nun suposto traslado ao cárcere municipal de Tapia.

JOSÉ ANTONIO DÍAZ ÁLVAREZ "O MOCO"

Home, 39 anos.
Xornaleiro. Traballou nunha ferretaría e no cargadoiro de mineral.
Nado en 1897.
Natural de Ribadeo
Veciñanza Ove.

José Antonio foi secuestrado a punta de pistola do seu domicilio na parroquia de Ove no concello de Ribadeo polos falanxistas locais, e levado ao lugar denominado Miravales no concello de Mondoñedo para ser "paseado". Logrou fuxir despois de recibir algúns disparos. Malferido, estivo agochado en varias casas de veciños da zona rematando no barrio das Prazas de Argomoso , onde a gravidade do seu estado provocou que unha delación atraise aos pistoleiros falanxistas de Mondoñedo, sendo asasinado, diante a antiga escola rural de Argomoso de dous disparos na caluga por un falanxista mindoniense apodado "O Lobo". O seu corpo estivo exposto no lugar da súa morte durante dous días antes de darlle sepultura no adro da igrexa de Argomoso co obxeto de infundir o medo a veciñanza.

José Antonio o foi exhumado o 18 de xuño de 2009 pola Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica (ARMH).

SANTIAGO FARIÑAS REINANTE

Home, 40 anos.
Nado en 1896.
Natural de Rinlo (Ribadeo).
Veciñanza Ribadeo.

Dono da taberna "Casa Fariñas" situada na Praza de España fronte ao Cantón dos Moreno en Ribadeo, local baixo o que recaían acusacións de que nel se celebreban reunións de "ideas revolucionarias". Santiago Fariñas é detido o 2 de agosto de 1936 polas súas ideas políticas socialistas xunto a outras 9 persoas, que foron levadas ao cárcere municipal de Ribadeo.

É sacado do cárcere e asesinado por pistoleiros falanxistas na noite do venres 4 ao 5 de setembro xunto con Marcelino "O Rafles" na Ponte do Barqueiro (O Vicedo).

O tenente da Garda Civil, comandante da praza de Ribadeo Juan Aranguren, certificou a súa desaparición como fugado nun suposto traslado ao cárcere municipal de Navia.

AURELIO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ

Home, 31 anos
Mariñeiro.
Nado en 1910.
Natural de Rinlo
(Ribadeo).
Residiu en Grao e Sedaví
(Valencia)

No ano 1938 foi sentenciado a pena capital pola súa participación na resistencia armada contra o Golpe de Estado na localidade valenciana de Sedaví, onde residía neses momentos, quedando en suspenso a causa.

Xa de volta en Ribadeo ao final da guerra é detido e condeado a morte, sendo executado en Ferrol o 24 de Abril de 1941.

ANTONIO FERNÁNDEZ SÁNCHEZ "PUTA VIEJA"

Home, 56 anos.
Mariñeiro.
Nado en 1880.
Natural de Ribadeo
Veciñanza Ribadeo.

O dous de agosto de 1936 é detido por ser supostamente parte activa na resistencia ante a chegada das tropas golpistas a Ribadeo e por participar na confrontación que aconteceu no antigo Hotel Lamas. Nos informes da causa militar aparece que non era militante activo, soamente tiña relación con elementos afíns , destacando a súa boa conducta tanto na vida pública como privada.

Preso no cárcere municipal de Ribadeo xunto a outras 9 persoas, é sometido a Consello de Guerra en Lugo e executado o 29 de decembro de 1936 con dous veciños mais de Ribadeo, contra as tapias do novo cuartel da Garda Civil de Lugo , a carón do cemiterio municipal onde se lles deu sepultura.

ANTONIO GARCÍA FERNÁNDEZ "O XOROBO"



Home, 46 anos.
Zapateiro.
Nado en 1891.
Natural de Ribadeo.
Veciñanza Ribadeo.

Despois da toma de Ribadeo polos golpistas , fuxe a Castropol (Asturias) onde segue formando parte activa no réxime republicano, motivo polo cal é declarado en rebeldía, dado que estaba acusado de formar parte do Comité de Guerra en Ribadeo, e ordear a requisa de armas e automóviles para facer fronte a chegada das tropas dos militares sublevados. O cinco de novembro de 1937 é detido, e tras ser procesado en Lugo por un Consello de Guerra Ordinario que o sentencia a pena de morte, é executado o 12 de xullo de 1938 contra a tapia do novo cuartel da Garda Civil de Lugo , a carón do cemiterio municipal de Magoi onde foi enterrado.

JESÚS LONGARELA MANCIÑEIRA "O MAGÍN"

Home,55 anos
Albanel e barrenista nas minas de Vilaodrid
Nado no ano 1881
Natural de Ribadeo
Veciñanza de Ribadeo.



O 24 de xullo de 1936 é detido xunto con outros 14 homes , acusado supostamente de agredir á columna de tropas golpistas que entraban en Ribadeo con disparos e dinamita. Ficou enfermo no cárcere municipal de Ribadeo durante mais de dous meses, ata que ao ser liberado na noite do seis de outubro dese mesmo ano e indo de camiño a súa casa no barrio do Alza, un grupo da falanxe local secuestrouno para asasinalo nas inmediacións da parroquia de San Vicente en Mondoñedo.

RAMÓN LORENZO FERNÁNDEZ

Home, 48 anos
Tenente de Carabineiros
Nado no ano 1887
Natural de San Miguel de Reinante (Barreiros)

O 23 de Xullo de 1936 é detida a Compañía de Carabineiros de Ribadeo que se atopaba no seu cuartel, por abrir fogo contra a entrada das tropas do bando sublevado. O Tenente D. Ramón Lorenzo Fernández atopábase ao mando no momento da detención por estar o seu Capitán enfermo no seu domicilio, de baixa desde o día anterior.

Ramón é sentenciado por delito de traición coa condena de pena de morte. Entre os argumentos de acusación atopábase a pertenza e simpatía co Frente Popular, e ser uns dos líderas da resistencia protagonizada polo corpo de carabineiros de Ribadeo nos acontecementos ocorridos en xullo coa entrada das forzas golpistas na vila.

Foi fusilado o 24 de outubro de 1936 na tapia do cuartel da Garda Civil de Lugo.

CÉSAR MARGOLLES DE LA VEGA



Home, 27 anos.
Mestre
Nado en 1910.
Natural de Ribadeo.
Veciñanza Ribadeo.

Foi mestre na parroquia de Vilaselán ata 1934 e despois en Benquerencia (Barreiros). Militante do PSOE.

Acusado de cometer actos de agresión e violencia, especialmente ao Cuartel da Garda Civil, os días 22 e 23 de Xullo de 1936, foxe a rexión de Asturias, onde o 17 de Novembro e capturado e asasinado nun monte próximo a Villanueva de Oscos.

BRUNO MARTÍNEZ FDEZ. "DO BARQUILLERO"

Home, 42 anos.
Nado en 1894
Natural de Limpias (Cantabria).
Veciñanza Ribadeo.

A familia tiña unha churrería ambulante e dedicábase tamén a venda de barquillos e outros produtos en feiras e mercados. Traballaba tamén como xornaleiro.

En 1919 ante o naufraxio da embarcación de salvamento marítimo "Fernando Villamil" na ría de Ribadeo, feito que conmocionou a todo o pobo, Bruno colaborou no rescate dalgúns dos náufragos e foi recompensado cunha medalla da "Sociedad de Salvamento de Naúfragos".

O 12 de agosto de 1936 Bruno Martínez é detido no seu domicilio de Cabanela pola Garda Civil que, según testemuña familiar, buscaba a seu irmán Juan (que levaran detido ao cárcere provincial de Lugo o 24 de xullo). É polo tanto lévanno a él ao cárcere municipal de Ribadeo, acusado de tomar parte na rebelión contra as tropas militares sublevadas levantando

barricadas na estrada de Sta. Cruz, ignorando se empregou armas. Ainda que no seu domicilio non atopan nada incriminatorio decrétanlle prisión incondicional.

O sábado 12 de setembro de 1936 apareceu asesinado na cuneta das voltas de Prado en Mondoñedo, xunto a outros catro veciños. O tenente da Garda Civil, comandante da praza de Ribadeo Juan Aranguren, certificou a súa desaparición como fugado nun suposto traslado ao cárcere municipal de Vegadeo.

ANTONIO MARÍA MARTÍNEZ LÓPEZ

Home, 32 anos.
Nado o 14 de Novembro de 1903
Natural de Vilaframil (Ribadeo).
Labrego.
Veciñanza Ribadeo.

Labrego de Vilaframil e socialista, participaba en mítines da "Sociedad Obrera".

Foi procesado en Causa Militar acusado de difundir ideas socialistas e comunistas, así como de tomar parte na defensa de Ribadeo ante a entrada das tropas militares sublevadas. Fuxe nun primeiro momento agochándose, pero acaba sendo detido o 22 de agosto ficando preso no cárcere municipal de Ribadeo.

Na noite do venres 11 ao 12 de setembro é sacado do cárcere por falanxistas locais e "paseado" nas voltas de Prado de Mondoñedo xunto a outros 4 veciños.

O tenente da Garda Civil, comandante da praza de Ribadeo Juan Aranguren certificou a súa desaparición como fugado nun suposto traslado ao cárcere municipal de Vegadeo.

LUCIANO MARTÍNEZ PIÑEIRO "TOLETE"



Home, 55 anos.
Mariñeiro.
Nado en 1882
Natural de Ribadeo.
Veciñanza Ribadeo.

Presidente da Sociedade "La Germinal" con filiación á UGT , e membro da directiva local do Frente Popular en Ribadeo. Detido o 17 de agosto de 1936 e posto en seguridade no cárcere municipal de Ribadeo acusado de ser un dos que se opuxeron ao avance das tropas sublevadas.

Sometido a Consello de Guerra é sentenciado a pena de morte. O 29 de decembro é executado con dous veciños mais de Ribadeo contra a tapia do novo cuartel da Garda Civil de Lugo, a carón do cemiterio municipal, onde foron enterrados os seus corpos.

FAUSTINO PENEDO GARCÍA

Home, 47 anos.
Nado o 7 de setembro de 1889.
Natural da Muiña parroquia de Retizós (Baleira, Lugo)
Veciñanza Ribadeo.

Bedel do Instituto Nacional de Segundo Ensino de Ribadeo

O 17 de maio de 1937 tómaselle declaración a Faustino Penedo acusado de disuadir a varios alumnos do instituto que querían marchar ao frente de Asturias a loitar. A pesar da carta dos pais dos rapaces nas que piden a súa liberación o 19 de Xuño de 1937 ingresa na Prisión Provincial de Lugo, sendo condenado a pena de morte o 12 de Xullo como responsable dun delito de sedición. Finalmente o 13 de Setembro de 1937 é executado contra as tapias do novo edificio do Cuartel da Garda Civil de Lugo.

ELÍAS SOLIÑO MEDINA "O ALAMBRERO"

Home, 25 anos.
Nado en 1912
Natural de O Barco de Valdeorras (Ourense)
Veciñanza de Ribadeo.
Xornaleiro

Preso no campo de concentración de prisioneiros de guerra nas Figueiras (Asturias) o 12 de Novembro de 1937 acusado de delito de rebelión. Entre os cargos que se lle imputaron recollidos na causa 621/37 están a afiliación á Casa do Pobo, comunista e participación nos acontecementos ocorridos na praza de Ribadeo en xullo do 36 como parte activa, armada e organizativa da oposición ao exército do réxime e de transportar dinamita nun coche.

O 14 de novembro de 1937 é condenado á pena de morte e o 13 de decembro de 1937 e executado por fusilamento nas tapias do Cemiterio de Castropol.

MANUEL SOLIÑO MEDINA



Home, 19 anos.
Xornaleiro
Nado o 2 de Xuño de 1918
Natural de Ribadeo
Veciñanza de Ribadeo.

Detido o 21 de Abril de 1937, ingresa no cárcere municipal de Ribadeo acusado de tentativa de homicidio e roubo, decretándolle prisión provisional. O 23 de Xuño de 1937 reúnese o Consello de Guerra da Praza de Lugo, e condena ao procesado á pena de morte pola súa "adhesión á rebelión militar".

O 10 de Xullo de 1937 execútase a pena de morte pasándoo polas armas contra as tapias do novo edificio do Cuartel da Garda Civil de Lugo.

JOSÉ TORVISO FERNÁNDEZ



Home, 52 anos.
Nado o 27 de Decembro do 1883.
Muiñeiro e dono dunha confeitería en Ribadeo
Natural de Vilaodrid.
Veciñanza Ribadeo.

Detido en Ribadeo por ser militante activo e un dos dirixentes do Partido Socialista da vila. O 10 de setembro de 1936 durante o seu traslado á prisión de Castropol ocorreu unha suposta fuga. As accións de búsqueda e detención non deron resultado, sendo o 28 de outubro dese mesmo ano declarado en rebeldía. Non consta ningunha causa xudicial aberta contra Jose Torviso.

Fora da documentación aportada, por fontes familiares consta que: Os veciños, con motivo da súa militancia, avisarono para que fuxise e non fose detido polas forzas do réxime. A cargo do muíño quedou un dos seus fillos, o cal falece nun accidente traballando no mesmo. Torviso volta de novo á vila para o enterro do seu fillo, momento no que é detido. Levado ao cárcere o 5 de agosto, e asasinado o 11 de setembro entre Santirso de Abres e A Pontenova. O seu paso polo cárcere de Ribadeo está rexistrado do día 5 de agosto do 1936 ao 11 de setembro dese mesmo ano.

ANTONIO TRUJILLO RODERO

Home, 48 anos
Alferez de Carabineiros
Nado no ano 1888
Natural de Aldea del Obispo (Salamanca)

Procesado na causa 193/36 do fondo Lugo, co cargo de alferez carabineiro, xunto a Ramón Lorenzo Fernández. Antonio Trujillo e Ramón foron os dous únicos condenados a morte dentro dunha causa na que se procesou a 43 carabineiros do posto de Ribadeo.

O 23 de Xullo de 1936 é detida toda a Compañía



de Carabineiros de Ribadeo, que se atopaba no seu cuartel, por abrir fogo contra a entrada das tropas do bando sublevado.

Sentenciado por delito de traición a pena de morte, o 24 de outubro é fusilado na tapia do novo cuartel da Garda Civil de Lugo.

MARÍA ROSA (ROSALÍA) ALONSO LASTRA



Muller, 60 anos.
Criada do convento das monxas de Santa Clara (Ribadeo)
Nacida o 18 de Decembro do 1875.
Natural de A Fonsagrada

A súa morte foi rexistrada en Ribadeo ao ser alcanzada por un balazo cando estaba asomada á fiestra da súa casa o 23 de Xullo do 1936 durante os enfrontamentos entre os sublevados e os leais á República.

RAMÓN LUIS CRESPO RODAS

Home, 25 anos.
Xornaleiro
Nado en 1911.
Natural de Ribadeo

Pouco despois do 18 de xullo de 1936 participou na resistencia contra o golpe de estado, sendo abatido xunto co motorista de carabineros Casimiro Pérez, polas tropas golpistas cando tomaron Ribadeo o 23 de xullo de 1936.

O primeiro tiroteo na vila foi no cemiterio vello, onde hoxe está o actual Parador de turismo, aquí foi onde se cree que faleceu. A súa morte rexistrouse dous días despois por orde do xulgado como de "lucha armada".

Ramón Crespo era tío do escritor ribadense Daniel Cortezón, quen o inmortalizou na súa obra de teatro "Os Irmandiños".

JUSTO FERNÁNDEZ SUÁREZ "GALOCHÍA"

Home, 26 anos.
Chófer.
Nado en 1910.
Natural de Vilaronte (Foz)
Veciñanza Barrio del Fondrigo, Vegadeo (Asturias)

Nos rexistros e informes xudiciais consta como Justo Fernández Couto, pero en realidade trátase dunha confusión co o apelido do pai.

Foi o primeiro veciño do extremo occidental asturiano que foi asasinado o 23 de Xullo de 1936 por unha das columnas golpistas que se dirixía ao asalto de Ribadeo, cando ía en compañía doutros veciños de Vegadeo de camiño para defender a esta vila da chegada de tropas sublevadas contra a República. Os seus restos foron exhumados do cemiterio de Ribadeo en xullo do 2023.

MANUEL MON MIRANDA

Home, 44 anos.
Carabineiro
Nado o 5 de Xuño de 1892.
Natural de Luanco
(Asturias)
Veciñanza Burela

Estaba destinado temporalmente a Ribadeo . Carabineiro que facía garda na rúa Tras da Cerca (hoxe rúa Ibáñez), no momento no que chegaron as forzas golpistas á súa altura foi abatido a tiros. Diversos testimonios din que lle disparaon por estar desprevenido e non escoitar os avisos dos veciños de que iban a por él. A entrada das tropas golpistas prodúcese o 23 de xullo do 1936. Ao día seguinte practicouselle a autopsia e foi enterrado na área de foxa común do cemiterio de Ribadeo. O seus restos foron exhumados do cemiterio ribadense en xullo de 2023.

VICENTE MUIÑO TOJEIRO

Home, 26 anos.
Nado o 23 de Novembro de 1909.
Natural de Cerbo (Cedeira, A Coruña).

Atopábase circunstancialmente en Ribadeo. Como mariñeiro mercante, estaba embarcado no vapor Luis Caso de los Cobos (1933).

Consta que o xulgado de Ortigueira emitiu unha requisitoria en febreiro de 1933 como encartado no sumario 61/1932 por tenencia de armas e disparo contra un dereitista; a maiores foi detido xunto a outros veciños de Cedeira por participar na folga xeral revolucionaria de 1934.

Co golpe de Estado do 18 de xullo do 1936, uniuse á resistencia fronte a

sublevación en Ribadeo, motivo polo cal se atopaba na vila, resultando morto nos enfrontamenos ocasionados na toma da vila polos militares golpistas o 23 de xullo dese mesmo ano. Diversas investigacións sitúan o lugar da morte de Muíño a altura do actual "Café Xardín", polas tropas que entraran por Villaframil; xa que algunhas fontes reseñan a morte dun mariñeiro que levaba dous cartuchos sen estoupar.

CASIMIRO PÉREZ MARTÍNEZ



Home, 43 anos.
Carabineiro - Motorista
Nado en 1893.
Natural de Mondreganes (León)
Veciñanza Ribadeo.
Morto en Ribadeo o 23 de Xullo de 1936.

Natural de Mondreganes (León) era motorista de carabineros destinado en Ribadeo. Comprometido coa legalidade republicana, foi abatido xunto con Ramón Crespo Rodas detrás dun banco de pedra a carón do cemiterio vello de Ribadeo (hoxe Parador de Turismo) ao facer fronte as forzas golpistas cando asaltaron Ribadeo o 23 de xullo do 1936. Rexistraron as causas da súa morte como "lucha armada" dous días despois por orde do xulgado.

MANUEL TELLA

Home, 59 anos.
Xornaleiro
Nado o 21 de Agosto de 1876.
Natural de Navia de Suarna (Lugo).
Veciñanza Ribadeo.

Falece no Hospital de Ribadeo o 23 de Xullo de 1936 tras ser ferido durante os enfrontamentos da toma de Ribadeo polos militares golpistas. Fíxolles fronte armado cunha brosa.



MANUEL FERNÁNDEZ PIÑEIRÚA

Home, 46 anos.
Nado el 20 de Agosto de 1890.
Natural de Ribadeo.
Garda municipal de Castropol
Veciñanza Castropol (Asturias)

O 7 de Agosto de 1936 e detido con outros 11 homes acusado de participar na queima do arquivo notarial de Castropol acontecida o 30 de Xullo. Tamén se lle inculpa de ser partícipe dos rexistros de diferentes domicilios nos días posteriores ao golpe de Estado. Se ben nun primeiro momento o Xuez Instructor de Castropol declara o sobreseimento do caso, o 18 de octubre de 1936 déixase sen efecto o auto de sobreseimento e resólvese que se siga coa causa con carácter sumarísimo. Finalmente o 9 de decembro de 1936 é condenado a pena de morte, sendo executado o 2 de Xaneiro contra as tapias do novo edificio do Cuartel da Garda Civil de Lugo.

JUAN FREIRE
MONASTERIO "BURRÍN"

Home, 27 anos ao ser detido.
Nado o 15 de setembro do 1909.
Natural de Ribadeo.
Veciñanza da Coruña.
Limpabotas

O 23 de novembro de 1936 en A Coruña e detido e interrogado Juan Freire Monasterio por ser mencionado na declaración doutro detido que manifesta que o día 20 de xullo , día que se iniciou o movemento das tropas militares sublevadas en A Coruña, viu a Juan Freire nas inmediacións do seu portal con munición.

O 11 de xaneiro de 1937 e condenado en Consello de Guerra por delito de rebelión militar a cadea perpetua, ingresando nun inicio na Prisión Provincial de a coruña, para ser trasladado despois á Prisión de San Cristóbal en Pamplona onde nun intento de fuga masiva de 795 presos do penal o 22 de maio de 1938, foi asesinado polos gardas xunto con 195 presos mais que tentaban de fuxir a Francia. Non consta o certificado de defunción, nen o lugar de enterramento.

FRANCE GARCÍA GARCÍA

Home, 20 anos.
Nado en 1915
Natural de Ribadeo.
Veciñanza A Coruña

A familia de France posuia en A Coruña unha pequena instalación para a elaboración de lixivia e France cos séus irmáns alcumados como "Os da lexía" repartían o produto pola cidade.

Presidente das "Juventudes Socialistas Unificadas" de A Coruña formou parte das milicias populares que defenderon o Goberno Civil, loitando tamén nas rúas da cidade contra os sublevados. Foi detido en Guitiriz o 25 de xullo do 1936 xunto aos seus irmáns Bebel e Jaurés, e xulgado na Coruña por rebelión militar co resultado de sentenza de morte. Foi fusilado o 29 de Xullo aos 24 anos xunto co seu irmán Bebel.

JAURÉS GARCÍA GARCÍA

Home, 17 anos.
Nado en 1919
Natural de A Coruña.
Veciñanza A Coruña.

Jaurés tamén traballaba cos seus irmáns no negocio familiar da fábrica de lixivias. Pertencía ás Juventudes Socialistas, formou parte das milicias populares que defenderon o Goberno Civil, loitando tamén nas rúas da cidade contra os sublevados, foi detido aos 17 anos xunto aos seus irmáns France e Bebel, en Guitiriz.

Sentenciado en Consello de Guerra a cadea perpetua por delito de traición e cunha multa dunhas 1400 pesetas por responsabilidade civil.

Entre as supostas acusacións agravantes que se tiveron en conta, atópase a de incitación ao levantamento dos campesinos en distintos pobos da comarca de A Coruña. Como atenuante contemplouse o de ser menor de idade, motivo polo cal non podía ser executado, de aí a súa condea a

cadena perpetua e tamén o motivo do seu asesinato.

O gobernador civil ordenou o 7 de xaneiro de e 1937 que varios presos do cárcere de A Coruña foran transladados a Pamplona. O día 12, no mencer foron sacados Jaurés García García e 4 presos mais. So chegaron dous.

Os demáis, foron conducidos pola Garda Civil perto do Campo da Rata e aplicáronlles a chamada "Ley de Fugas".

Os tres homes morreron polos disparos dos gardas civís encargados da custodia. Jaurés, esposado, acababa de cumplir os 18 anos,

A Jaurés, despois de morto, concédeselle unha conmutación da pena de morte por 20 anos de cadea.

BENITO IGLESIAS FERNÁNDEZ

Home, 40 anos
Nado no ano 1898
Natural de A Devesa (Ribadeo).
Veciñanza de Piedras Blancas
(Castrillón, Asturias)
Industrial

Membro da Agrupación Socialista de Castrillón e da UXT. Cando aconteceu o golpe de estado en xullo do 1936 combateu no exército republicano Asturiano, onde exerceu a titularidade de capitán no Batallón "Pablo Iglesias". Nas actuacións para o seu procesamento iniciadas, en marzo do 1938, atopamos entre os feitos que se lle imputan os seguintes:

- Acusación de trasportar dinamita da localidade de Piedras Blancas, para volar unha ponte que cruza o río Nalón co fin de impedir que as tropas golpistas avanzasen.

- Formar parte do Comité de Guerra da localidade nos primeiros momento tras o Golpe de Estado.

Capturado polo bando golpista, estivo preso no campo de concentración de Camposancos (A Guarda). Fuxiu do campo con outros presos asturianos o 10 de febreiro de 1938, pero foi detido e xulgado. O 9 de xuño de 1938 foi condeado a pena de morte por delito de rebelión militar e executado o 2 de xullo do ano 1938.

RAMÓN MASEDA REINANTE

Home, 56 anos.
Funcionario. Retirado do Corpo Auxiliar de Oficinas Militares do Ministerio de Mariña.
Nado o 29 de abril de 1880
Natural de Ribadeo.
Veciñanza A Coruña.

Ramón Maseda era unha figura senlleira do socialismo coruñés, foi fundador do partido socialista en A Coruña e un gran loitador social, foi promotor do Campo de Marte actual e un importante núcleo de vivendas populares ao seu arredor.

Detido o 20 de xullo de 1936 no Goberno Civil, ingresou, logo de pasar polo Cuartel de Infantería de Atocha, na Prisión Provincial en réxime de incomunicación que duraría ata o primero de agosto que entra en prisión sen fianza.

Foi xulgado na Coruña en Consello de Guerra acusado de rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Executado o 31 de Agosto de 1936 no Campo da Rata, nas proximidades do polvorín de Adormideras en A Coruña.



MANUEL ODÓN SOTO

Home, 63 anos.
Nado en 1876.
Natural de Ribadeo
Carreteiro.

Finou na cadea o 2 de maio de 1939 no Penal de San Simón (Pontevedra).

BENITO ANTONIO LÓPEZ LÓPEZ

Home, 42 anos.
Nado o 10 de maio de 1897
Natural de Ribadeo.
Veciñanza Ribadeo.
Barbeiro.

Procesado na Causa 520/36 xunto a Antonio María Martínez, figura na mesma como afiliado ao Partido Socialista local e dono dunha barbería en Ribadeo; entre as numerosas acusacións atopamos a de que a súa barbería era un foco activo de propaganda comunista e a súa participación nos sucesos revolucionarios ocorridos na vila en xullo 1936, após o golpe de estado.

Despois da entrada das tropas golpistas na localidade ribadense o 23 de xullo do mesmo ano, Benito fuxiu nun primeiro momento e estivo agochado sabendo que as forzas franquistas o querian deter. Finalmente o 15 de Agosto é detido, xulgado e condenado o 10 de Novembro a cadea pertua. Morreu no cárcere da Coruña aos 42 anos como consecuencia de "tuberculose pulmonar" o 29 de marzo de 1940, catro anos antes de que se lle conmutara a pena a 20 anos de cadea.

ANDRÉS VALE BLANCO "O MORENO DE COVAS"

Home, 28 anos.
Xornaleiro
Nado o 31 de Decembro do 1908.
Natural de Covas (Viveiro).
Veciñanza San Juan de Cobas

Andrés era dirixente da CNT de Viveiro, foi acusado de facer armas contra as forzas golpistas en Viveiro e de participar nos conflitos sociais e folgas nos tempos anteriores ao golpe de estado do 36. Cando as tropas entraron en Ribadeo fuxiu cara a zona de Vegadeo, e mais tarde cara a Castropol, onde seguiu formando parte activa no bando republicano asturiano, ata que foi detido pola Garda Civil o 3 de agosto cando o exercito sublevado tiña tomada esta vila asturiana.

Preso no cárcere de Ribadeo é sacado de noite por falanxistas locais e asesinado xunto a catro veciños mais, no lugar das voltas de Prado na parroquia dos Remedios (Mondoñedo) durante a noite do venres 11 ao 12 de setembro de 1936. O tenente da Garda Civil, comandante da praza de Ribadeo Juan Aranguren, certificou a súa desaparición como fugado nun suposto traslado ao cárcere municipal de Tapia.

JUAN ANTONIO ARDAO SEIJIDO

Home, 20 anos.
Nado en 1916.
Natural de Ferrol

Ferrolán, delineante e artilleiro 2º do Regimiento de Artillería de Costa nº 2 sito no Castelo da Palma (Ferrol) do que desertou para fuxir hacia Asturias . É capturado o 3 de agosto de 1936 nas inmediacións de Ferreira de Valadouro , cando xunto con outro compañeiro, teñen un enfrontamento armado con unha patrulla de falanxistas, Juan Antonio queda ferido grave e o seu compañeiro logra fuxir. É trasladado ao hospital de Ribadeo onde falece o 9 de agosto.

A detención e morte de Ardao aparece detallada no marco dunha causa militar incoada contra un



veciño de Ourol, o cal foi acusado de darlle acubillo a varios soldados desertores.

ENRIQUE NAVARRET GARCÍA

Home, 36 anos.
Mariñeiro.
Nado en 1900.
Natural de Santander.
Veciñanza Ribadeo.

Enrique Navarret era patrón de pesca, estaba afiliado á "Sociedad Obrera" ,na que ostentara nalgunha ocasión algún cargo, e nun sindicato de mariñeiros denominado " Germinal". Despois de estar agochado uns días, ante a toma de Ribadeo polos golpistas, decide volver ao seu traballo," por non ter cometido delito algún". Sendo detido pola Garda Civil no porto de Porcillán, supostamente por tomar parte activa contra as forzas golpistas e levantar barricadas na Rúa de San Lázaro .

Ingresa no cárcere municipal de Ribadeo xunto a outras 9 persoas, da que foi sacado por falanxistas locais xunto con outros 4 veciños para seren asasinados na noite do venres 11 ao 12 de setembro de 1936 nas voltas de Prado en Mondoñedo. Ao igual que cos outros catro, o tenente da Garda Civil, comandante da praza de Ribadeo Juan Aranguren, certificou a súa desaparición como fugado nun suposto traslado, neste caso ao cárcere municipal de Tapia.

Veciños de Ribadeo executados por sentencia de tribunal militar na tapia do novo cuartel da garda civil de Lugo, a carón do antigo cemiterio de Magoi (hoxe Gran Hotel)

1. DOSITEO ÁLVAREZ SEIVANE
Home, 32 anos. Labrego. Natural de Ribadeo

2. FERNANDO BELLÓN FERNÁNDEZ
Home, 30 anos. Mariñeiro.
Natural de Figueras - Castropol)

3. ANTONIO FERNÁNDE SÁNCHEZ
Home, 55 anos. Mariñeiro. Natural de Ribadeo

4. ANTONIO GARCÍA FERNÁNDEZ
Home, 46 anos. Zapateiro. Natural de Ribadeo

5. RAMÓN LORENZO FERNÁNDEZ
Home, 48 anos. Carabinero.
Natural de San Miguel de Reinante - Barreiros

6. LUCIANO MARTÍNEZ PIÑEIRO
Home, 55 anos. Mariñeiro. Natural de Ribadeo

7. FAUSTINO PENEDO GARCÍA
Home, 46 anos. Bedel da Academia de Santo Tomás de Aquino. Natural de Baleira

8. MANUEL SOLIÑO MEDINA
Home, 18 anos. Xornaleiro. Natural de Ribadeo

9. ANTONIO TRUJILLO RODERO
Home, 48 anos. Carabinero. Natural de Salamanca

10. MANUEL FERNÁNDEZ PIÑEIRÚA
Home, 46 anos. Garda municipal. Natural de Ribadeo.
Veciñanza Castropol



Fotografía aérea do voo americano de 1946 coa zona aproximada onde foron executados, detrás do cemiterio de Magoi en Lugo.

Ubicación da tapia do cuartel da Garda civil en 1936 onde executaban aos presos sentenciados a pena de morte. Foto de 1964.

A HOMENAXE

Stolperstein significa "Pedra/adoquín que te fai tropezar". Esta é a tradución máis aproximada desta palabra alemana que designa o proxecto comezado en 1995 polo artista alemán Gunter Demnig, como homenaxe ás vítimas da persecución nazi en forma de placas de 10x10 cms de latón dourado onde se recorda á vítima, xeralmente diante da vivenda onde residiu, onde naceu ou onde traballou, aínda que, cando non é posible identificar o lugar de residencia, se colocan en lugares simbólicos da cidade. Cada placa representa a unha vítima. como dixo o propio artista "quen queira ler a inscrición dunha stolperstein, deberase inclinar ante as vítimas".

Actualmente, hai máis de 100.000 Stolpersteine repartidas principalmente por toda Europa, constituíndo o monumento descentralizado máis grande do mundo.

As **Pedras da Memoria** ou **"Remenbrance Stones"** son unha ampliación deste proxecto en España, incorporando as vítimas mortais da ditadura franquis-

ta do mesmo xeito que as da deportación nos campos de concentración nazis nos "Stolpersteine", só que coa diferencia que o metal do adoquín é prateado.

O 31 de marzo de 2022 o Concello de Ribadeo, a proposta do seu alcalde Fernándo Suárez Barcia, convoca o acto de colocación das Pedras da Memoria ou "Remenbrance Stones" en Ribadeo, celebrando un acto no parque de San Francisco onde se presentou baixo unha carpa este proxecto de homenaxe aos veciños/as e demais persoas vinculadas a Ribadeo, vítimas mortais do golpe de estado de 1936 e a represión da ditadura franquista , no que intervironcoa palabra: alcalde, cronista , investigadores e familiares. A continuación tivo lugar a proxección do documental "Pedras da Memoria" : recopilación de testemuñas de familiares das vítimas. Ao seu remate foron colocadas a metade das Pedras da Memoria no mesmo parque de San Francisco polo seu autor , o artista alemán Gunter Demnig da fundación Stolpersteine.

Miguel Freire




RINLO
11
RÚA ESPERANZA ,27
RÚA ANTONIO OTE
3
RÚA RODRÍGUEZ MURIAS,-1-22
5
6
PARQUE SAN FRA
8
RÚA SAN FRANCISCO,18
9
RÚA CLE
10

1 Enrique Navarret García

2 Florencio Carballo Novigil

3 Faustino Penedo García
José Torviso Fernández
Luciano Martínez Piñeiro

4 Fernando Bellón Fernández

5 Antonio Trujillo Rodero, Manuel Mon Miranda,
Casimiro Pérez Martínez, Ramón Lorenzo Fernández

6 Cesar Margolles De La Vega
Benito López López

7 Bruno Martínez Fernández

8 Marcelino Álvarez López, Dositeo Álvarez Seivane,
José Antonio Díaz Álvarez, Antonio Fernández Sánchez,
Antonio García Fernández, Jesús Longarela Manciñeira,
Antonio María Martínez López, Elías Soliño Medina,
Manuel Soliño Medina, Rosalía Alonso Lastra,
Ramón Luís Crespo Rodas, Justo Fernández Couto,
Vicente Muíño Tojeiro, Manuel Tella, Manuel Fernández Piñeirúa,
Juán Freire Mosteiro, Bebel García García, France García García.
Jaurés García García, Benito Iglesias Fernández,
Ramón Maseda Reinante, Manuel Odón Soto,
Andrés Vale Blanco, Juán Antonio Ardao Seijido

9 Santiago Fariñas Reinante

10 José Cantalapiedra Caparrós

11 Aurelio Fernández Fernández

A EXHUMACIÓN

ANTECEDENTES



TRASCRIPCIÓN BANDO DO ALCALDE RAFAEL FERNÁNDEZ CARDOSO, XULLO 1936: El Alcalde Constitucional de Ribadeo reunido con el Frente Popular, tiene la satisfacción de comunicar al pueblo, que las fuerzas militares de esta Plaza, compuestas de Guardia Civil y Carabineros, están al lado del Régimen legalmente constituido y por él dispuestas a morir.

¡RIBADENSES! ¡¡¡VIVA LA REPÚBLICA!!!

(Causa militar 190/36)

PRIMEIRAS SETE VÍTIMAS; FALECIDAS NO ASALTO DE RIBADEO POLAS FORZAS SUBLEVADAS O 23 DE XULLO DE 1936

O 23 de xullo de 1936 dúas columnas das forzas golpistas asaltan Ribadeo , unha proveniente de Lourenzá, ao mando do comandante xefe da Garda Civil de Lugo Fernándo Álvarez Holguín, entra pola estrada de Vegadeo. Outra columna ao mando do comandante de Carabineros Antonio López Revuelta, entrou des-

de Barreiros . O ataque deixou saldo de dous carabineiros e cinco veciños mortos, así como un soldado ferido.

O 18 de xullo de 1936 en canto se tivo coñecemento da sublevación do exército, o goberno municipal organizou a través dun comité de guerra a requisa de armas e vehículos para facer fronte ás forzas sublevadas, operacións nas que participaron algúns veciños. Varios carabineiros do posto de Ribadeo participaron na defensa da vila ao mando do Tenente **Ramón Lorenzo Fernández** e o alférez **Antonio Trujillo Rodero**, ambos os sometidos posteriormente a consello de guerra e fusilados en Lugo.



Croquis de situación da defensa de Ribadeo 23 xullo 1936
(Causa militar 190/36)

O día 23 fixeron fronte ás tropas o motorista de carabineiros **Casimiro Pérez Martínez**, o veciño **Ramón Crespo Rodas** que o acompañaba , resultando mortos os dous polos disparos dos asaltantes.

As tropas golpistas, a medida que se internaban en Ribadeo, ían causando vítimas entre as que se atopaban:

Rosalía Alonso Lastra, natural de Mourisco (A Fonsagrada) criada das monxas clarisas , que se asomou a unha fiestra e recibiu un disparo

Manuel Tella, gandeiro natural de Navia de Suarna, que se lles enfrontou cunha machada;

Vicente Muiño Tojeiro natural de Cedeira de 26 anos, que se atopaba accidentalmente en Ribadeo;

Manuel Mon Miranda carabineiro de 44 anos natural de Luanco (Asturias) que se atopaba na rúa Tras da Cerca (hoxe Ibañez)

Justo Fernández Suárez, Nacido en 1910 en Vilaronte (Foz) . Foi un dos primeiros voluntarios en sair desde Vegadeo a prestar axuda, sendo tiroteado á altura de Covelas.

Ás sete persoas asesinadas polas forzas golpistas no asalto a Ribadeo o 23 de xullo de 1936, figurantes nas Pedras da Memoria recen colocadas nas rúas de Ribadeo, foran enterradas no imponente e novo cemiterio municipal , inaugurado facia catro anos por donación dos Irmáns Moreno. Estaban nun área de-

nominada de "Fosa común", no cuadrante sur-este do cemiterio. A busca e recuperación dos restos do carabinero Manuel Mon Miranda e o veciño de Vegadeo Justo Suárez Fernández , solicitada polos familiares das dúas víctimas, neta e sobriña respectivamente e rexistrados nas sepulturas 129 e 130 estaban perfectamente localizables grazas ao rexistro de enterramentos e un plano atopados no arquivo municipal.

Despois deste traballo de investigación levado a cabo por Miguel Freire, Ramón López e Xosé Miguel Suárez, o 3 de xullo de 2023, o equipo da ARMH desplázase a Ribadeo para comezar a exhumación. Os enterramentos aparecen a un metro de profundidade, procedendose a descubrir os corpos.

O día 5 retíranse os restos atopados para levalos ao laboratorio, dando por finalizada con éxito a exhumación.

Miguel Freire



CROQUIS DE INHUMACIONS REALIZADAS EN TERREOS DE FOSA COMUN NO CADRO D DO CEMITERIO DE RIBADEO




OTHER EARTH IS SPEAKIN
T'S TIME
ISTEN



A HOMENAXE E ENTREGA DOS RESTOS DE MANUEL MON MIRANDA E JUSTO FERNÁNDEZ SUÁREZ

O día 14 de outubro de 2024 ás 11 horas na Sala de Alcaldes do Concello de Ribadeo, tivo lugar o acto de homenaxe e entrega dos restos recuperados aos familiares de dúas vítimas do asalto de Ribadeo polas forzas sublevadas o 23 de xullo de 1936 . O carabineiro Manuel Mon Miranda e o veciño da Veiga Xusto Fernández Suárez, exhumados no cemiterio de Ribadeo pola Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica (ARMH) en xullo de 2023,

O acto público contou coa participación dos alcaldes de Ribadeo e Vegadeo, membros da ARMH, investigadores, veciños e familiares. O acto foi presentado pola xornalista e investigadora María Valcárcel e coa interpretación musical de Helena López Sampedro.

Seguidamente son entregados os obxectos persoais atopados na sepultura de Manuel Món Miranda a súa neta. Sonando ao termino do acto o Hino Galego interpretado por Helena López.

Veciños, autoridades e familiares proceden a inhumar a Justo Fernández Suárez no cemiterio de Ribadeo e a Manuel Mon Miranda no de Burela.

RIBADEO

RIBADEO

RIBADEO


RIBADEO

RIBADEO

RIBADEO


RIBADEO


RIBADEO

RIBADEO

JUSTO FERNÁNDEZ SUÁREZ
1910 - 1936
Asasinado o 23 de xullo en Ribadeo
polas forzas golpistas.
Enterrado neste lugar
con outras seis vítimas.
Defenderon coas súas vidas

LEMBRANZA

MANUEL MON MIRANDA

Manuel António Món Miranda naceu en Luanco (Asturias) o 5 de xuño de 1892 , fillo de José Mon Viñas un carabineiro natural de Burela (Lugo) e Rosa Miranda García.

Con veciñanza en Cervo, pertencía como o seu pai ao Corpo de Carabineiros e estaba casado con Joaquina Expósito Baño coa que tiña 4 fillos e con destino accidental en Ribadeo.

O 23 de xullo de 1936 atopábase co seu contingente en Ribadeo defendendo a orde constitucional republicana, foi asesinado na rúa Tras da Cerca (hoxe Ibañez) por tras dos Palacio dos Moreno , polos asaltantes golpistas.

Hai quen comentou que algúns dos veciños avisáronlle que ían a por él , pero que non puido oílos.

Comenta a súa neta María José , que Manuel Mon era un home serio e estrito cos seus fillos ,sobre todo na súa educación, que desexaba que estudasen, era tamén moi bo coa súa muller.

O pai de María José tiña 4 anos cando mataron a Manuel, e unha irmá de Joaquina dicía que os seus fillos maiores marcharan para a guerra, e que esta morrera de pena pouco despois , tendo que facerse cargo do pai de María José, ata que con 9 anos ingresou na escola de orfos da Garda Civil , e na que estivo ata os 16 anos, non querendo seguir por non gustarlle o que vivíu alí .

JUSTO FERNÁNDEZ SUÁREZ,

Nado en 1910 en Vilaronte (Foz) tiña como alcume "Galochía" heredado do seu pai viuvo, co que convivía , xunto con dous irmaos , no barrio veigueño de Fondrígo onde tiñan unha forxa .

O pai era de ideas moi conservadoras pero os fillos saíranlle de esquerdas. O que explica que Justo fora uns dos primeiros voluntarios en sair en axuda de Ribadeo xa que se unha columna sublevada iba camiño desta vila .

O vehículo conducido por Justo no que ían tamén dous veciños e un garda municipal foi interceptado na curva de Covelas pola columna do Comandante da Garda Civil Fernándo Álvarez Holguín, nese momento Justo botou mao ao peto para coller un pano e sonarse, algo que soía facer dende sempre cando estaba nervioso, sen embargo os gardas non dubidaron en dispararlle ao ver facer ese ademán.

AGRADECEMENTOS

-Ao **alumnado dos obradoiros de emprego do Concello de Ribadeo** pola súa colaboración na colocación das Pedras da Memoria o día 31 de marzo de 2022 na celebración do acto organizado polo Concello de Ribadeo, no resumo da documentación recopilada, busca de imaxes e contraste da información. Así como agradecer tamén a directora destes obradoiros **Ana Belén Vázquez Rodríguez** polo seu gran traballo de coordinación, sin o cal non sería posible a realización deste proxecto.

-A **Ignacio Suárez Expósito**, funcionario do Concello de Ribadeo pola súa axuda desinteresada na localización de documentos clave no Arquivo Municipal que permitiron a localización dos enterramentos de Manuel e Justo.

-A **Xosé Miguel Suárez Fernández**, que aportou a súa investigación histórica no Occidente de Asturias .

-A **Pablo Fernández Abuín**, tenente alcalde e concelleiro de cultura do Concello de Vegadeo.

-A **Don José Luis**, párroco de Piantón (Vegadeo)

-A **Luis González Amor** tanto polo amable e incondicional trato recibido na exhumación no cemiterio ribadense como pola sensibilidade e cariño mostrado na inhumación de Justo, no desenvolvemento do seu traballo.

-Aos **familiares e amigos das vítimas** da represión e a barbarie , que sofriron as consecuencias de padecer as desaparicións forzadas dos seus seres queridos , pola valentía e tesón mostrado coa aportación de testemuñas e documentos para a recuperación da memoria familiar e a colectiva da nosa Vila,.

-A todas as persoas que dun xeito ou de outro colaboraron neste Proxecto.

Fontes de información e documentais:

-Archivo Intermedio Militar Noroeste (Ferrol)
-Arquivo Histórico Provincial de Lugo
-Arquivos municipais
-Rexistros Civís
-Testemuñas orais



Víctor López, fillo de Benito López, observando a pedra do seu pai (fotografía do ribadense José Benito García, obra en tinta chinesa do artista vasco afincado en Fuerteventura Ramón Lope).

"Se esquecemos a historia, se perdemos a memoria, se os nosos gobernantes non son capaces de transmitir ás novas xeracións a verdade do que aconteceu, estamos condenados a que a historia se repita"

Ramón López Pérez

NOTA ACLARATORIA

Nalgunhas das reseñas das persoas que figuran nas pedras da memoria poderase observar que o ano de nacemento do texto non coincide exactamante co grabado na placa, así como no caso do segundo apelido de Juan Freire Monasterio, que aparece na súa placa como "Mosteiro". Erros que foron correxidos posteriormente á colocación das pedras, cando se conseguiu unha documentación máis precisa.